



INSCRIPCIÓN DUNHA ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

Hai que solicitar a inscrición na delegación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da provincia onde a asociación teña establecido o seu domicilio (na Coruña, no Edificio Administrativo de Monelos).

O prazo de presentación de solicitudes está aberto todo o ano e, no prazo de tres meses desde a recepción da solicitude, efectuarase a inscrición da asociación no rexistro correspondente. Trascorrido ese prazo sen notificación expresa da resolución, poderase entender estimada a solicitude de inscrición.

O Rexistro Autonómico de Asociacións comunicaralle ao Rexistro Nacional de Asociacións os asentos de inscrición e disolución das Asociacións de ámbito autonómico.

Neste Rexistro inclúense todas as Asociacións que non teñan fins de lucro (por exemplo, asociacións veciñais, culturais, musicais, sociais, etc.) e que non estean sometidas a un réxime asociativo específico.

EXCLÚENSE

Partidos políticos, sindicatos, organizacións empresariais, igrexas, confesións e comunidades relixiosas, federacións deportivas, consumidores e usuarios, comunidades de bens e propietarios, entidades que se rexan polas disposicións relativas ao contrato de sociedade, cooperativas, mutualidades, unións temporais de empresas e agrupacións de interese económico.

DOCUMENTACIÓN

É posible solicitar a inscrición presencialmente ou a través da páxina web:
<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=PR&codProc=308A>

¹ **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral.**
Edificio Administrativo San Caetano, 3ª planta. 15781 Santiago de Compostela.
Tel.: 981 546 484 / 413

Delegación Provincial na Coruña:
Xunta de Galicia. Servizo Interior e Administración Local.
Edificio Administrativo Monelos. Pza. Luis Seoane, s/n. Tel.: 981 185 973.



A documentación necesaria para formalizar a inscrición é a seguinte:

- **Solicitud normalizada de inscrición**, dispoñible de maneira presencial no Edificio Administrativo de Monelos da Xunta de Galicia, na Pza. de Luís Seoane da Coruña, ou descargar o documento na mesma páxina web.
- **Acta fundacional**: Dous exemplares coas firmas orixinais das persoas asistentes á asemblea de constitución.
- **Estatutos**. Dous exemplares asinados en todas as follas con firmas orixinais de polo menos tres promotores co seu DNI.
- **Documentación acreditativa da personalidade**: Se son persoas físicas, copia do DNI. Se se trata de persoas xurídicas, certificación do acordo adoptado polo órgano competente no que apareza a vontade de constituír a asociación así como a designación da persoa física que a representará, que deberá remitir copia do seu DNI.
- **Documento de abono da taxa**, dispoñible de maneira presencial no Edificio Administrativo de Monelos da Xunta de Galicia, na Pza. de Luís Seoane da Coruña, ou descargar o documento na mesma páxina web.

¹ **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral.**

Edificio Administrativo San Caetano, 3ª planta. 15781 Santiago de Compostela.
Tel.: 981 546 484 / 413

Delegación Provincial na Coruña:

Xunta de Galicia. Servizo Interior e Administración Local.
Edificio Administrativo Monelos. Pza. Luis Seoane, s/n. Tel.: 981 185 973.